

MPN/pnb

ASUNTO: INFORME SOBRE INCOACIÓN DE TRAMITACIÓN DUN EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO PARA DOTAR DE CRÉDITO SUFICIENTE A APLICACIÓN QUE CORRESPONDA CON DESTINO Á CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA CON CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA AO CONCELLO DE ARBO

ANTECEDENTES

Primeiro: Mediante resolución de 16 de xuño de 2023, da Secretaría de Estado de Política Territorial, pola que se acorda a asignación das subvencións por danos en infraestruturas municipais e rede viaria provincial e insular, previstas no acordo do Consello de Ministros de 23 de agosto de 2022, no que se declara zona afectada gravemente afectada por unha emerxencia de protección civil o territorio afectado como consecuencia de incendios forestais acontecidos durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2022, ao concello de Arbo se lle outorgaron 28.283,44 euros, sobre un orzamento de 56.566,89 euros co obxecto do financiamento da actuación “Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo”, debendo, polo tanto, financiar a entidade municipal 28.283,45 euros.

Segundo: O obxecto da actuación é reparar as infraestruturas, os equipamentos e as instalacións municipais gravemente danadas polo incendio acontecido o 30 de xullo de 2022 e devolvelas ao seu estado de normal funcionamento.

Terceiro: Resultando que, neste momento, o concello de Arbo non conta con medios económicos suficientes para afrontar o cofinanciamento da obra a realizar; Actuacións de carácter urxente cuxa execución non se pode demorar ata o exercicio seguinte, polo que solicita a asistencia da Deputación.

Cuarto: Dada a urxencia do investimento e co fin de facilitar ao concello o cumprimento da finalidade proposta, a Deputación propón o outorgamento dunha subvención nominativa con consignación orzamentaria. Mais, o importe da subvención concedida se lle detraerá ao concello da cantidade que lle poida corresponder no futuro Plan de Obras e Servizos Municipais.

Por todo o anterior, de conformidade co establecido no artigo 177 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de



Facendas Locais, previo informe de intervención e aprobación do Pleno da Corporación, formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

A tramitación dun expediente de modificación de crédito, instrumentalizado mediante un crédito extraordinario, por importe de 28.283,45 euros, desagregado da forma seguinte:

APLICACIÓN	IMPORTE	CONCEPTO
2023/942.9420.762.06	28.283,45€	CONCELLO DE ARBO_ Reparación da rede de pluviais danada a causa do incendio forestal acaecido o día 30 de xullo de 2022 no entorno do parque empresarial de Arbo

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.



INTERVENCIÓN

